



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA Negociado: Contratación. Expte: C09/2024

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), en uso das facultades que me confire o apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Sobre a base do decreto adoptado por Alcaldía en data de 7 de agosto de 2024, que aproba o proxecto financiado pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude de Resolución de 19 de xullo de 2024, de concesión das axudas correspondentes ao fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.4 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024, co seguinte desglose de financiamento:

"REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DO PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE VISANTOÑA, NO CONCELLO DE MESÍA"	IMPORTE DA AXUDA	APORTACIÓN MUNICIPAL	ORZAMENTO TOTAL
	58.206,93 €	10.425,23 €	68.632,16 €

Visto que o obxecto do presente contrato constitúe un contrato administrativo de obra, de conformidade co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De conformidade co artigo 28 da LCSP, a presente contratación xustifícase na necesidade de realizar os traballos necesarios para a rehabilitación da cuberta do Pavillón de Visantoña, que se encontra en deficiente estado, e, ao mesmo tempo, que cumpra coas esixencias actuais de eficiencia enerxética.

Considerando axeitado á presente contratación, pola celeridade que demanda, o procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática de conformidade co artigo 159 da LCSP, ó ser o valor estimado da obra inferior a 2.000.000,00 euros, e non superar a ponderación dos criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor previstos no prego o vinte e cinco por cento do total.

Visto que cómpre incoar o expediente para a contratación da obra, é polo que de acordo co artigo 116 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

Primeiro.- Iniciar o expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado, da obra denominada **"REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DO PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE VISANTOÑA, NO CONCELLO DE MESÍA"**, por importe de SESENTA E OITO MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON DAZASEIS CÉNTIMOS (68.632,16 €), desglosado nun valor estimado de CINCUENTA E SEIS MIL SETECENTOS VINTE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (56.720,79 €), e o



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

imposto sobre o valor engadido de ONCE MIL NOVECIENTOS ONCE EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (11.911,37 €).

Segundo.- Incorporárase ó expediente o prego de cláusulas particulares e acta de replanteo. Débese incorporar ó mesmo informe de intervención de fiscalización do gasto e existencia de crédito orzamentario e informe da secretaría do concello.

Terceiro.- Evacuados que sexan estes trámites, déaseme conta.

En Mesía, á data da sinatura electrónica.

O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.